

## Resumo anual da actividade de 2019 da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

*Neste documento queremos recoller a actividade a destacar que desenvolveu a Xunta de Goberno do COPG ao longo deste ano e que fomos adiantando nos distintos soportes de comunicación do COPG.*

*Cómpre sinalar que boa parte deste traballo institucional se fai en estreita colaboración coas Comisións de Ética e Deontoloxía e de Defensa da Profesión e a Prevención do Intrusismo, as seccións de Psicoloxía Educativa, Psicoloxía e Saúde, Psicoloxía Xurídica, Psicoloxía da Intervención Social e Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias, o Grupo de Tráfico e da Seguridade, as Comisións Intersectoriais de Xénero, Mediación e Deporte. Trátase dun avance de toda a información que se recollerá puntualmente na Memoria Anual de 2019 do COPG.*

### **1. Proceso de transformación dixital e adaptación á lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común.**

Actualmente, o Colexio atópase inmerso no proceso de transformación e dixitalización do COPG. Xa está en fase de probas e formación a nivel interno e neste primeiro trimestre de 2020 abrirá ao público definitivamente. Ao longo deste ano, grazas ao traballo da Comisión para a Innovación e a Dixitalización do COPG, estamos transformando por completo o xeito de traballar a nivel administrativo do Colexio, non só para adaptalo á lexislación vixente, senón tamén para contar cun sistema tecnolóxico que simplifique toda a tramitación que realizan os colexiados e colexiadas co propio Colexio e tamén coa administración.

Trátase da maior transformación na historia do Colexio e é un investimento do que nos sentimos moi orgullosos porque pensamos que nos vai proporcionar unha maior axilidade, unha importante redución de custos e a total garantía de cumprimento legal.

Este proceso aséntase en varios pés. Por unha banda, o COPG está en proceso de darse de alta como Autoridade de Rexistro para a emisión de certificados dixitais. É dicir, que aqueles colexiados e colexiadas que o desexen poderán solicitar ao Colexio o seu certificado dixital con atribución profesional, ou sexa, que o recoñece como psicólogo colexiado ou colexiada diante de calquera administración pública ou outra entidade, e así poder empregalo en todos os trámites que realice a nivel profesional, sen ter que empregar o seu certificado persoal.

Por outra banda, estase a preparar a sede electrónica, que será a nosa Administración na rede. Alí, poderanse realizar todos os trámites sen ter que desprazarse ao Colexio, desde a inscrición en rexistros, en cursos, altas e baixas, participación en procedementos etc.

E unha última parte afectará máis na xestión interna, a través da transformación dixital de todos os procedementos administrativo a través dunha ferramenta de xestión documental, que non resultará tan visible pero que de seguro que axilizará o traballo administrativo e confiamos en que resulte beneficioso para toda a comunidade do COPG ese cambio.

## 2. Campaña publicitaria

Outra cuestión importante da actividade do Colexio neste ano foi a campaña publicitaria "Falamos", que lanzamos no mes de maio. Esta campaña supuxo un investimento importante, e foi ademais a primeira vez que fixemos unha campaña publicitaria desde o COPG. É o resultado dun ano de traballo promovido pola Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo, e nela téntase reivindicar a profesión, superar as posibles resistencias que aínda existan na sociedade e combater o intrusismo de pseudoterapias que carecen de garantía científica ningunha.

Tratouse de recoller o común denominador da profesión como un recurso para o benestar e a saúde da persoa, informando, desmitificando, normalizando e aproximando a psicoloxía. Emitiuse na Televisión de Galicia como medios tradicionais, onde ao longo dun mes patrocinouse O Tempo, así como a emisión da cuña publicitaria en distintas franxas da programación; e despois en soporte online, a través de vídeos patrocinados e nas redes sociais Facebook, Youtube e Instagram.

Por outra banda, realizamos xa tres tiraxes de carteis impresos que enviamos a todas as persoas que nos solicitaron, así como tamén os puideron recoller no propio Colexio. No vídeo online, superamos o millón de impactos, e os vídeos tiveron máis de 250.000 vistas completas, o que nos permitiu chegar a un público moi numeroso. Segundo o retorno que

recibimos, moitos compañeiros e compañeiras atoparon a campaña útil para si mesmos no seu exercicio profesional, para a súa propia difusión, o que significa que esa parte identitaria que se pretendía nesta primeira gran campaña conseguiu.

A Comisión para a Defensa da profesión está a elaborar un informe das súas actuacións neste 2019 e remitiravos polo miúdo toda a información relativa á campaña, así como tamén unha segunda etapa que teñen previsto para este novo ano.

### 3. Tempo da Psicoloxía

Outro dos puntos máis importantes da actividade deste ano que se manterá estable no futuro implica ao Colexio xunto coa Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, unha institución coa que cooperamos e traballamos conxuntamente e cuxa boa relación se manifesta en colaboracións como Tempo da Psicoloxía. Do traballo conxunto do Colexio e da Facultade naceu este ano "Tempo da Psicoloxía", unha actividade divulgativa que ten como protagonista a psicoloxía en distintas temáticas de elevado interese social. Tempo da Psicoloxía nace con vocación de continuidade e en cada edición centrase nunha temática concreta. En 2019 a protagonista foi a violencia, tanto no contexto educativo, no deportivo, no da familia e na violencia de xénero.

Esta actividade esténdese ao longo de 4 días, 3 dirixidos ao público en xeral e un cuarto para a comunidade académica da Facultade de Psicoloxía, cun enfoque máis científico-profesional.

Para a vindeira edición a temática protagonista será a tecnoloxía e o seu impacto nas nosas relacións interpersoais. O que se pretende é aplicar o punto de vista da psicoloxía para analizar distintas cuestións de interese social e que así se perciba o sentido útil da nosa disciplina á hora de contribuír á boa saúde e ao benestar das persoas e das comunidades. Trátase dunha contribución importante á consolidación da psicoloxía na sociedade.

#### 4. Actualización dos Estatutos dos COPG

Neste ano tamén traballamos na actualización dos Estatutos do COPG. Está dispoñible na páxina web o Proxecto, que traballou unha Comisión que designamos para este fin. Ata o 7 de xaneiro, está aberto o prazo para realizar alegacións e achegas, é importante revisar o documento, xa que se trata do principal marco legislativo do noso Colexio. O que se procurou con este cambio foi adaptar os Estatutos aos cambios normativos producidos desde a aprobación dos actuais Estatutos.

#### 5. Relacións coas Administracións Públicas

##### 5.1. Coa Xunta de Galicia

###### Coa Consellería de Sanidade

Ao longo deste ano manifestamos en numerosas ocasións o noso malestar por decisións que se están a tomar desde a Consellería de Sanidade en relación coa nosa profesión, e tamén se lle trasladou nunha xuntanza que mantivemos en xuño desde o Colexio co propio Conselleiro e con varios altos cargos do seu departamento. Nesa xuntanza explicáronse as necesidades máis apremiantes na atención á saúde mental na rede pública e a urxencia de incluír os psicólogos e psicólogas clínicas en Atención Primaria. Lamentablemente, os compromisos non se concretaron aínda en medidas posteriores e quedou todo pendente da publicación do Plan Galego Estratéxico de Saúde Mental que segundo a propia consellería sairá á luz en 2020.

En relación coa Atención Primaria, desde o Colexio solicitouse participar no deseño do Plan para a Atención Primaria, que presentara a propia Consellería de Sanidade, sen éxito. Así mesmo, tras o rexeitamento do Plan, a Consellería creou un Consello Asesor Técnico de Atención Primaria, no que solicitamos participar, ao que recibimos unha negativa; presentamos unha alegación, pero mantívose a negativa ao non formar parte dos perfís profesionais que integran a Primaria. É a pescadiña que morde a cola: ao non formar parte actualmente dos profesionais de Atención Primaria, non podemos participar no deseño dun novo modelo de Atención Primaria que contemple a atención psicolóxica.

Entendemos que o feito de non formar parte deste Consello Asesor é ignorar completamente a compoñente científica e profesoral dun dos tres alicerces que sustentan a atención á saúde desde un enfoque biopsicosocial, polo tanto esquecendo o aspecto psicolóxico.

Recentemente, tras a comparecencia do Director Xeral de Asistencia Sanitaria do SERGAS, vímonos na obriga de emitir un comunicado polo absoluto desinterese que trasladou nas súas palabras por mellorar o máis mínimo o modelo asistencia á saúde mental en Galicia, o que nos fai temer, máis aínda, que ese inminente Plan Estratéxico de Saúde Mental resulte inútil ao non incorporar as melloras na atención psicolóxica que vimos reclamando. Por iso, criticamos o seu plantexamento, lembrándolle as competencias atribuídas por lei á psicoloxía clínica para diagnosticar, avaliar e tratar; a necesidade de contar con servizos propios, xa que se trata do único colectivo de facultativos especialistas de área sen servizos propios; e por suposto, a imperiosa necesidade de formar parte dos servizos de Atención Primaria e non capacitar os médicos e médicas en técnicas psicoterapéuticas, como propoñía na súa comparecencia.

Estaremos moi pendentes dese futuro Plan Estratéxico, e emprenderemos todas as accións que estean na nosa man para defender unha atención á saúde mental digna e de calidade.

Ademais, tamén participamos na Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte á infección por VIH/SIDA e outras ITS.

Por outra banda, a comezos de 2019 participamos xunto cos colexios profesionais de fisioterapia, terapia ocupacional, traballo social, e de logopedia, coa Asociación de Pacientes e Usuarios do Complexo Clínico Universitario e Hospitalario de Santiago (CHUS), a Asociación Nacional de Amputadas de España, a Unión Galega de Epilepsia e a Asociación de Dano Cerebral de Compostela Sarela, para a elaboración dun informe sobre a situación de deterioración e as carencias dos servizos integrais de rehabilitación da área sanitaria de Santiago e Barbanza, que foi presentado de xeito público e que agardamos que contribúa a mellorar este ámbito.

Ademais, neste ano asinamos un convenio coa Consellería de Sanidade, ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, para poder desenvolver formación especializada en xénero e violencia de xénero para todos os colexiados e colexiadas do ámbito sanitario. A dotación económica permitiunos programar un curso de carácter básico de 64 horas, de extraordinaria calidade e que iremos desenvolvendo nos sucesivos anos, xa que está previsto mantelo namentres se manteña o devandito Pacto de Estado.

Actualmente estamos en conversas para obter financiamento que nos permita ofrecer esta formación gratuíta aos colexiados e colexiadas non sanitarias tamén.

### Coa Consellería de Educación

Novamente, presentamos un comunicado pola última convocatoria das Becas para o Alumnado con Necesidades Específicas do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, xa que na liña dos anos anteriores, continúa a resultar discriminatoria para moitos nenos e nenas que serían potenciais beneficiarios destas axudas pero que polo carácter restritivo das súas bases quedan fóra.

Seguimos a reivindicar a necesidade de contar con psicólogos e psicólogas educativas nos centros de ensino, e en 2020 temos unha importante oportunidade para visibilizar esta cuestión, xa que o noso Colexio será o organizador das III Xornadas Estatais de Psicoloxía Educativa. Por iso, tentaremos que esta ocasión nos permita centrar o interese no papel da Psicoloxía Educativa e a súa probada utilidade social.

### Coa consellería de Política Social

Continuamos participando a través do Consello Galego do Benestar.

**Con respecto aos convenios de mediación intraxudicial que mantemos coa Dirección Xeral de Xustiza e coa de Familia:**

Un ano máis, vimos de asinar, con moita tardanza, os convenios de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o COPG e os Colexios de Avogados de Santiago de Compostela, Ourense, A Coruña, Ferrol, Pontevedra e Vigo para o desenvolvemento dos Programas de Mediación Familiar Intraxudicial gratuíta nestas cidades.

Este ano, o sistema de designación foi un sistema rotatorio cada seis meses da psicóloga ou psicólogo mediador titular e suplente.

Así, conformouse unha quenda que na actualidade está conformada por 21 mediadores e mediadoras que exercen en quendas nas seis sedes (Santiago de Compostela, Ourense, A Coruña, Ferrol, Pontevedra e Vigo).

En todo caso, a postura do Colexio a respecto destes convenios é idéntica á de anos anteriores. Estes convenios naceron con carácter experimental e levamos moitos anos sosténdooos: o COPG reclama a creación das prazas na rede pública e que se garanta o acceso á mediación gratuíta a toda a poboación galega, unha vez que se probou a eficacia da mediación.

Mentres non sexa posible, aceptamos os convenios de colaboración coa Administración, pero cun modelo homoxéneo para todas as cidades, que é o da comediación entre profesionais da avogacía e da psicoloxía, e así o seguirá a defender.

#### Coa Vicepresidencia da Xunta de Galicia

a) Coa Dirección Xeral de Emerxencias e Interior renovamos o convenio para o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, o GIPCE.

b) Coa Secretaría Xeral de Igualdade renovamos un ano máis os convenios para os programas de atención psicolóxica especializada en violencia de xénero, o Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) e do Programa "Abramos o Círculo".

Neste ano, por fin conseguimos un incremento do prezo das sesións que viñamos reclamando desde hai anos. Ambos os programas esgotaron o crédito bastante antes de rematar o ano. Sabemos que este aumento do gasto en atención psicolóxica se debe ao maior número de casos que chegan a ambos Programas. Desde a Xunta de Goberno do COPG seguiremos na procura dunha mellora económica no Convenio que esperamos no ano 2020 poña fin a esta situación e a demanda de que a atención psicolóxica estea na rede pública.

Tamén asinamos de novo o convenio para un servizo de quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para a intervención en violencia de xénero, á petición dos corpos e forzas de seguridade, que constitúe un importante recurso e que estamos optimizando o seu funcionamento para adaptalo mellor ás demandas que recibimos.

Ademais, o COPG continúa a integrar o Observatorio Galego da Violencia de Xénero. Dentro do traballo que estamos desenvolvendo, integramos o Grupo de Traballo 3 (GT3): Abordaxe da

violencia de xénero coa mocidade dende o ámbito educativo, que en breve presentará a Guía de Actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo, á que presentamos alegacións desde este Colexio e na súa maioría foron recollidas.

c) Coa Dirección Xeral de Xustiza, ademais do Programa de Mediación intraxudicial, renovamos a colaboración co Grupo de Tráfico e Seguridade do Colexio para os programas de intervención psicolóxica para condutores e condutoras reincidentes en infraccións de tráfico e da seguridade viaria (Psicovial e Xornadas de Concienciación).

Coa Secretaría Xeral de Deporte, onde o Colexio forma parte da Comisión Galega de Control da Violencia.

Coa Consellería de Traballo, a través do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, co que mantemos un convenio de colaboración.

## 5.2 Tamén mantemos relacións institucionais a nivel municipal.

### FEGAMP

No marco do convenio de colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) por cuarto ano e con motivo do 25 de novembro lanzouse a campaña "Decálogo de Concellos #PoloBoTrato", un cartaz que se distribuíu en todos os concellos galegos así como nas catro deputacións, cunha serie de recomendacións para fomentar o bo trato no ámbito da igualdade de xénero.

Este ano tamén se mantivo unha reunión co seu Presidente, co obxectivo de reivindicar a figura do psicólogo e da psicóloga nos concellos; o seu compromiso foi o de estudar unha fórmula para facilitar a súa incorporación.



Co Concello de Santiago de Compostela colaboramos en distintos eidos.

- Continuamos no Consello Municipal da Saúde.
- Continuamos a participar nunha mesa de traballo para o estudo da situación das persoas sen teito, na que se tenta redefinir a regulación actual das axudas municipais de emerxencia e de inclusión social.
- Participamos un ano máis na campaña "Compostela en negro", para amosar o noso compromiso coa loita contra a violencia de xénero.
- Tamén participamos a través do Pacto Local de Mobilidade.

Co Concello da Coruña tamén estamos colaborando en dous consellos municipais: por unha banda o Consello Sectorial de Inclusión Social, e pola outra, no Consello Local da Saúde.

Tamén no Concello de Monforte, onde Integramos o Consello de Saúde.

En varios municipios galegos foi demandada a nosa colaboración para impartir formación e divulgar formación sobre violencia de xénero e igualdade.

## 6. Relacións con outras entidades

### 6.1. O COPG e Consejo General de la Psicología

- A decana asistiu ás distintas reunións de Junta de Gobierno e de Junta General do Consejo General de la Psicología.

- Participación nas distintas áreas e divisións a través das persoas representantes.

- En relación coas acreditacións profesionais que ofrece o Consejo, están dispoñibles as seguintes:

- psicólogo/a experto en psicoloxía deportiva,
- psicólogo/a experto en psicooncoloxía e/ou en coidados paliativos,
- psicólogo/a experto en psicoloxía aeronáutica,
- psicólogo/a experto en psicoloxía de emerxencias e catástrofes,
- psicólogo/a experto en neuropsicoloxía clínica,
- psicólogo/a experto en psicoloxía educativa,
- psicólogo/a experto en psicoloxía da intervención social.

Unha vez publicada recentemente a regulación do Grao Universitario de Psicoloxía, continuamos a demandar, a través do Consejo, a ordenación do itinerario formativo, considerando que a maior garantía profesional é o itinerario Grao-Máster-PIR, así como apostar por outros máster (psicoloxía educativa, psicoloxía da intervención social).

Neste mes de xullo, o Consejo organizou en Vitoria Gasteiz o IV Congreso Nacional de Psicoloxía, xunto con Psicofundación, que contou con varias colexiadas e colexiados galegos dentro da súa programación.

Tamén organizou conxuntamente coa Ordem dos Psicólogos Portugueses o Encontro Hispanoluso, que vai pola cuarta edición e que nesta ocasión se celebrou en Badajoz.

6.2. Colaboramos con **outros colexios profesionais**. Concretamente temos unha colaboración co de Educadores e Educadoras Sociais e co de Traballo Social, cos que conformamos o Espazo Dialoga.

Temos un convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía de Andalucía Oriental para a realización de prácticas externas, en centros colaboradores, para o alumnado do Máster Internacional en Psicoloxía de Catástrofes, Crises e Emerxencias.

6.3. Formamos parte de Unión Profesional de Galicia, que agrupa 40 colexios e representa a máis de 65.000 profesionais. Desde 2016 a decana exerce a vicepresidencia da súa xunta directiva e tamén ostenta a representación de Unión Profesional no Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

Como cada ano, elaborou unha guía de peritos que se distribúe en todos os xulgados galegos, na que tamén se inclúe os nosos psicólogos e psicólogas que forman parte da listaxe de periciais. Como novidade, incorporáronse os mediadores e mediadoras do Rexistro de Mediación do COPG.

En 2019, Unión Profesional creou os premios e distincións "Profesional colexiado/a do ano", co fin de visibilizar a aqueles profesionais colexiados de cada profesión que contan unha traxectoria profesional consolidada e excelente. Neste ano, a persoa premiada foi María Teresa Hermida Pérez, decana do COPG entre 2002 e 2006.

6.4. Mantemos tamén a colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, máis estreitamente coa Facultade de Psicoloxía.

Un ano máis, a Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG impartiu o Módulo de Ética e Deontoloxía para o alumnado de Practicum de 4º curso de Grao de Psicoloxía no marco dun convenio asinado polo COPG coa Facultade de Psicoloxía da USC.

6.5. Formamos parte do Movemento Galego da Saúde Mental, unha plataforma respaldada por máis de 400 entidades, profesionais e usuarios e usuarias da Saúde Mental.

6.6. Tamén colaboramos con outras entidades:

- Formamos parte da plataforma *SOS Sanidade Pública*, e estamos a participar activamente nas súas actividades para defender unha mellor atención á saúde, incluída a saúde mental, xunto con outros colectivos profesionais.
- Colaboramos coa *Asociación Consensus*, coa que estamos participando nun proxecto europeo, PRO.VI, que analiza a atención ás vítimas de delitos, incluída a atención psicolóxica,

para detectar carencias e modelos de boas prácticas, para posteriormente difundir eses modelos para tratar de incorporalos nos estados.

- Coa *Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS*, con quen colaboramos estreitamente na reivindicación de melloras na atención á saúde mental no Servizo Galego de Saúde.

- Coa *Ordem dos psicólogos portugueses*: participamos no III Encontro da Ordem da Delegación Norte, en Braganza, o que tivemos a honra de inaugurar. Tamén estamos estudando formas de traballo conxunto para favorecer a consolidación da psicoloxía na sociedade, especialmente nos servizos públicos.

- *Confederación de Empresarios da Coruña*, con quen asinamos un convenio de colaboración entre ambas as dúas institucións.

- Coa *UNED da Coruña*, onde participamos na Feira de Emprego do Centro UNED da Coruña, un encontro no que se lle proporcionou información ao alumnado sobre as oportunidades laborais do Grao de Psicoloxía, así como as vantaxes e servizos da colexiación.

- Mantemos convenios de colaboración coa *Fundación Meniños*, coa *Federación Galega de Dano Cerebral*, *FEGADACE* e coa *Asociación Galega de Terapia Familiar*.

- Colaboramos tamén coa *Fundación Andrea de Apoio aos nenos e nenas con enfermidades de longa duración, crónicas e terminais*, así como co *Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia*, a *Asociación Xornalistas Galegas*, a *Confederación Anpas Galegas*.

- Ao abeiro do convenio de colaboración coa *Federación Galega de Esclerose Múltiple (FEGADEM)*, presentamos a guía para a abordaxe desta patoloxía na que participou tamén o Colexio de Psicoloxía, para ofrecer a contribución desde o noso ámbito de intervención.

En canto á Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo, no que vai de ano iniciáronse 20 expedientes por intrusismo profesional.

A Comisión para a creación dunhas bases xenéricas de valoración de méritos atópase na fase final de elaboración do documento, co fin de establecer uns criterios comúns, tanto en experiencia profesional como formativa para posibles procesos de selección ou convocatorias que nos requiran no Colexio.

## 7. Distincións ao COPG

Cómpre destacar que o COPG recibiu dous premios moi importantes neste ano.

O primeiro foi o premio Solidarios ONCE Galicia, que entrega o Grupo Social ONCE, na modalidade de institución, organización, entidade ou ONG, en recoñecemento ás actividades que vimos realizando orientadas a promover un cambio na sociedade galega, a reducir as desigualdades entre as persoas, a favorecer as condutas de respecto e de tolerancia, a loitar contra a violencia machista, promover a boa saúde mental e eliminar os estigmas contra a enfermidade mental.

Tamén nos concederon a Medalla de honra ao mérito social penitenciario, en recoñecemento ao compromiso, dedicación e colaboración por parte deste Colexio con Institucións Penitenciarias na implantación e no desenvolvemento de programas no Servizo de Xestión de Penas e Medidas Alternativas do Centro de Inserción Social “Carmela Arias y Díaz de Rábago” da Coruña, nomeadamente polos programas dirixidos ás persoas penadas por delitos de tráfico.

## 8. Alegacións e achegas:

As máis importantes foron:

- Alegacións ao anteproxecto da Lei reguladora dos Xogos en Galicia á Xunta de Galicia.
- Alegacións ao proxecto de Orde polo que se crea e se regula a composición, funcionamento e organización do Consello Técnico de Atención Primaria.
- Recurso de alzada diante da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia contra a resolución do 19 de decembro de 2018 polo que se regulan as bases dun posto xefe ou xefa da sección de Psiquiatría, Área de Asistencia Extrahospitalaria.

## 9. Campaña 25N

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organizamos e participamos en diversas actividades co gallo do Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra a Muller, que se conmemora este 25 de novembro. En primeiro lugar, difundimos un ano máis unha declaración institucional na que se enfatizaba en que a violencia de xénero atenta contra os dereitos fundamentais das mulleres.

Participamos na campaña Compostela en Negro, que organiza o Concello de Santiago de Compostela e reeditamos a campaña Polo Bo Trato coa FEGAMP, que xa mencionamos. Organizamos o acto literario Vozes contra a Violencia en novembro, un encontro de voces poéticas, musicais e artísticas en xeral, arredor do Día Internacional contra a violencia machista.

## 10. Achegas da psicoloxía

Neste encontro fixemos entrega do premio Dolores Llópiz, Psicoloxía e Sociedade, que recaeu en Ángel Carracedo Álvarez, polo seu papel como investigador e divulgador no ámbito da neuropsicoloxía, e pola súa aproximación humanizada á ciencia.

Tamén lle fixemos entrega do recoñecemento como colexiado de honra a Miguel Pérez Pereira, primeiro presidente do Colexio e co que se quixo significar a súa dedicación ao desenvolvemento da profesión.

## 11. Outras actuacións.

- En decembro, no marco da Asemblea Xeral, celebrouse po **Acto de Benvida a Novos Colexiados e Colexiadas**. Foi unha actividade especificamente deseñada para as persoas que se incorporaron en 2018 coa que se lle pretende ofrecer unha visión máis profunda do papel do Colexio, así como das posibilidades de participación. No acto, ademais da intervención da decana, tamén colaboraron a presidenta da Comisión de Ética e Deontoloxía e o colexiado G-0001.

- Convocouse a décimo segunda edición do Concurso literario Rosa de Cen Follas.

## 12. Estado da colexiación

A día de hoxe somos 3.101 colexiados e colexiadas ordinarias, 3 colexiados asociados e asociadas e 29 xubilados e xubiladas.

## 13. Lema

O lema aprobado en Xunta de Goberno para 2020 é "40 aniversario do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia", xa que se cumpren 4 décadas de funcionamento da nosa institución e cremos imprescindible destacar este feito.

## 14. Relacións cos medios de comunicación

Ao longo do ano difundíronse as seguintes declaracións institucionais:

- Día Internacional de toma de conciencia do abuso e do maltrato na vellez.
- Día Internacional da Muller.
- Día Mundial da Saúde Mental Materna.
- Día Internacional da Liberación Sexual ou do Orgullo LGTBI
- Día Internacional pola Erradicación da Violencia contra a Muller
- Condena dos asasinatos machistas cometidos en Galicia.

Difundíronse cincuenta e cinco notas de prensa e comunicados e foi requirida a participación de profesionais de psicoloxía en máis de 175 ocasións este ano, nas que se trataron temas moi diversos, sendo a violencia de xénero, problemas de saúde mental, a psicoloxía educativa e as emerxencias, os ámbitos máis demandados.